

RESOLUCIÓN do 4 de xuño de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para cubrir 109 postos de auxiliares de policía local, convocados pola Orde de 22 de marzo de 2018.

Na sesión que tivo lugar o día 4 de xuño de 2018, o tribunal nomeado pola Orde de 22 de marzo de 2018 (DOG núm 65, do 4 de abril), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a selección de 109 postos de auxiliares de policía local e a creación da lista de reserva de contratación para o ano 2018, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, unha vez rematadas todas as probas do proceso, ACORDOU:

PRIMEIRO. Publicar, como anexo I a esta Resolución a listaxe de 109 persoas aspirantes aprobadas, por orde decrecente de puntuación. Os empates foron resoltos dacordo co establecido nas bases da convocatoria (6.3.9), non sendo preciso recurrir ao sorteo en ningún caso.


SEGUNDO. Publicar, como anexo II a esta Resolución a listaxe por orde decrecente de puntuación, de persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.

TERCEIRO. Remitir á Academia Galega de Seguridade a listaxe de persoas que non superando o proceso, sí obtiveron na proba de coñecementos máis dun cinco e resultaron aptos na proba de coñecemento da lingua galega (ou ben o acreditaron presentando o CELGA 3 ou equivalente).

CUARTO. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso administrativo ante o órgano competente conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como se recolle na base 6.3.8. da convocatoria.

A Estrada, 4 de xuño de 2018.

Luis Míguez Macho



Presidente do tribunal